

RESTAURACIÓN

Unha das máis inmediatas repercusións que tivo para nós o conflito bélico de 1936 foi a de privarnos da literatura instaurándose así unha década de silencio e clandestinidade só rota por obras fragmentarias que ficaron nun ámbito máis ou menos privado. Tardaríanse bastantes anos en poder dar á luz un poemario completo, *Cómaros Verdes* (1947) de Aquilino Iglesia Alvariño que viña restaurar o proceso de edición na nosa lingua. Sen embargo, gracias ó patrocinio do Concello de Betanzos e ó labor da estudiosa Concepción Delgado Corral, tense exhumado unha obra anterior á de Iglesia Alvariño que saíu do prelo en 1946. Trátase de *Brétemas Mariñás*, poemario escrito por Celestino Luís Crespo e Crespo (Betanzos, 1913- Santiago, 1965), un mestre con afeccións de xornalista, integrado na vida cultural da posguerra compostelana onde formaba parte do grupo dos “Catorce de Osebe”, escritores, artistas e periodistas, tertulianos arredor da figura de Iglesia Alvariño. Foi tamén colaborador habitual en *La Noche*, *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia*, medios que utilizou para dar conta da actualidade da súa vila natal onde desenvolvía un intenso labor cultural que abranguen teatro, festas poéticas, emisións radiofónicas, etc., para darlle nova vida a Betanzos.

Autor dun único poemario en galego publicado, Crespo anunciara a existencia de dous volumes máis que nunca viron a luz, aínda que deixou na prensa local varios textos en castelán. Por iso, o Concello de Betanzos, para alén de publicar un interesante facsímil que recolle con fidelidade o que foi *Brétemas mariñás* na súa saída do prelo, decidiu reunir toda a obra poética galega do escritor nunha edición, *Bretemas mariñás e outros poemas*, introducida por un estudio crítico, rigoroso e ben documentado, de Concepción Delgado Corral. O encontro co verso de Crespo permítenos albiscar a existencia clara de moitos ecos dos mestres do Rexurdimento - sobre todo Rosalía e Pondal, de feito a primeira parte do poemario titúlase “Os rumorosos” e recolle a simboloxía do piñeiro como desenvolvera o de Ponteceso- pois a meirande parte das súas composicións son de carácter lírico tratando temas amorosos e existenciais mesturados co temor perante o paso do tempo (“*Voan os días, / voan as penas, / vanse moi lonxe/ ¿do elas irán?*”) e a lembranza de momentos máis felices como a infancia. O canto á paisaxe galega das Mariñas, a imaxe de Noriega Varela, e a pegada da poesía popular (“*Campaíña, campaiña/ campana da nosa aldea/ tan alegre pola festa/ e tan tristeira no dor*”) non impiden que aflore unha veta cívica de solidariedade cos desprotexidos, a crítica contra a emigración, a saudade pola terra... Porén, todo este amor por Galicia que o poeta manifesta non parece contradicirse coa ideoloxía falanxista que Crespo profesaba, pola contra, pon

por riba de todo “a *sentida caricia/ que ofrendo ó teu nome santo,/ santo e querido, ¡Galicia!*”.

Polo tanto, coa reedición da obra de Celestino Luís Crespo e Crespo ponse un chanzo máis para restaurar a verdadeira cronoloxía da recuperación cultural e literaria experimentada na posguerra. Un proceso demorado que se irá solventando coa chegada ás nosas mans de obras e autores que ficaron no esquecemento pero escribiron as primeiras páxinas tras un silencio imposto.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 57, febreiro 2002, p. 67